

PROGRAMA DE FORMACIÓN PARA A TRANSMISIÓN DO COÑECEMENTO
NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO DE GALICIA.

Intercambio de experiencias, sistematización e difusión de boas prácticas

**Nova convocatoria aberta
ata o 15 de marzo de 2012**



programa divulgga

experiencias e boas prácticas no sector sanitario

**Fainos partícipes da túa experiencia,
divulga o teu saber.**



divulgga

XUNTA DE GALICIA

Que é o programa Divulga?

Consiste nun programa de formación para a xestión do coñecemento baseado na transmisión, duns profesionais a outros, de todo tipo de experiencias e boas prácticas que están a desenvolver no seu desempeño diario no posto de traballo.

Pode abarcar unha ampla gama de temas: xestión clínica, técnicas diagnósticas ou terapéuticas, formación, simplificación de procesos, calidade de servizo, atención ao usuario, transparencia e entrega de información, xestión de recursos humanos, planificación orzamentaria, control de xestión, xestión de compras, tecnoloxías da información, simplificación de trámites, xestión de servizos xerais, etc.

Cales son os obxectivos do programa Divulga?

Os obxectivos deste programa son os seguintes:

- ❖ **Identificar experiencias e boas prácticas** e promover o desenvolvemento e a **difusión** das prácticas destacadas propiciando a súa implantación noutros centros da rede sanitaria.
- ❖ **Crear redes de colaboración** entre profesionais, centros e servizos das distintas áreas sanitarias para afrontar as distintas problemáticas de xestión e atención sanitaria.
- ❖ **Mellorar a competencia** dos profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia e contribuír, con isto, á mellora da calidade asistencial.
- ❖ Promover a cultura da calidade, establecer un ambiente de superación dentro do sector sanitario e **motivar aos profesionais outorgándolle valor ao seu bo desempeño**.
- ❖ Apoiar os esforzos dirixidos desde a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, para **mellorar da xestión das institucións sanitarias públicas**, entre os que a busca da eficiencia e o aumento da produtividade xogan un papel fundamental.
- ❖ Apoiar as solucións de problemas de maior complexidade, a partir da análise das experiencias exitosas observadas nas distintas unidades asistenciais, mostrando cómo “o fan outros” e estimulando a **busca de solucións innovadoras**.

Quen pode participar no programa Divulga?

Profesionais ou equipos de profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia, que teñan desenvolvido experiencias exitosas que levan funcionando máis dun ano con bos resultados contrastados.

Como se pode participar nun programa de formación Divulga?

Os profesionais ou equipos de profesionais deberán postular o seu caso ou experiencia, mediante un formulario de solicitude que poderán descargar de www.fegas.es e presentalo á súa xerencia, que deberá dar o visto bo á iniciativa.

O formulario cumprimentado, avalado pola xerencia, deberán ser remitidos a:

Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS)
Avda. Fernando de Casas Novoa. Edificio CNL Portal A - 1ª planta
15707 Santiago de Compostela - A Coruña

Como é o proceso de avaliación e selección?

Constituirase unha comisión para a avaliación e selección das experiencias, que estará constituída por representantes da Subdirección de Investigación, Docencia e Innovación e da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS). Poderán nomearse outros profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia en función da temática das experiencias recibidas.

Cales son os criterios de selección?

A selección da experiencia, para a súa difusión, estará suxeita a certos criterios que aseguren a calidade e a pertinencia, tales como:

- ❖ **Solución a un problema:** que de solución a un problema detectado.
- ❖ **Estratéxico:** que estea en consonancia coas liñas estratéxicas da Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.
- ❖ **Innovación:** que supoña creación e/ou adecuación de formas e estilos de traballo co fin de mellorar a xestión dun programa ou proceso.
- ❖ **Capacidade de transferencia:** que sexa reproducible noutros centros do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- ❖ **Tamaño da poboación diana:** que sexa aproveitable e útil para un grupo de profesionais amplo.
- ❖ **Resultados logrados:** que demostre a súa eficiencia e efectividade das experiencias.
- ❖ **Sostenibilidade:** que sexa sostible (económica, organizativa e tecnicamente) a longo prazo, ata que se mellore ou cambie por outra.

Como se realiza a difusión das experiencias seleccionadas?

Nesta segunda fase, a Subdirección Xeral de Investigación Docencia e Innovación contactará cos actores e axentes clave das experiencias preseleccionadas para iniciar, conxuntamente coa FEGAS, un proceso de programación de actividades formativas que permitan transmitir as experiencias a outros profesionais do Sistema.

As experiencias seleccionadas serán presentadas polos autores responsables das mesmas en sesións formativas co formato que se determine (curso, obradoiro, seminario, comunicacións, formación práctica no posto de traballo, etc.), segundo a experiencia de que se trate.

Os destinatarios das actividades formativas serán profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia que estean interesados en reproducir, no seu centro, a experiencia presentada, e que dispoñan dos recursos necesarios para elo.

Ditas actividades formativas serán incluídas no Plan de Formación Continua da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde para o ano 2011.

Para as actividades formativas acreditables, deberá solicitarse a acreditación á Comisión Autónoma de Formación Continuada das Profesións Sanitarias.

Cales son os beneficios para os/as autores/as das experiencias?

- ❖ As experiencias seleccionadas formarán parte dun **BANCO DE BOAS PRÁCTICAS** e serán divulgadas en www.fegas.es
- ❖ Os autores terán a oportunidade de transmitir a súa experiencia a outros profesionais, percibindo as retribucións que correspondan segundo as tarifas vixentes da FEGAS. A Escola asumirá outros custos da actividade formativa como material didáctico, aulas, medios audiovisuais, materiais complementarios, etc.
- ❖ A FEGAS expedirá os correspondentes certificados de programador/a docente e/ou relatores/as das actividades formativas que se leven a cabo.
- ❖ Utilizar os símbolos do Programa en todas as súas comunicacións e soportes, evidenciando un recoñecemento na xestión no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- ❖ Servir de incentivo aos profesionais para continuar co bo desempeño ao obter un recoñecemento polo seu traballo.

Cal é o calendario?

Primeiro prazo:

- ❖ **Presentación de experiencias:** ata o 15 de marzo de 2012.
 - ❖ **Avaliación e selección das experiencias:** ata o 30 de maio de 2012.
 - ❖ **Difusión das experiencias seleccionadas:** entre o 15 de setembro e o 30 de novembro de 2012.
-

Onde obter máis información?

Para máis información pódese chamar ao número de teléfono 981 55 46 37
ou escribir a: investigación.docencia.innovacion@sergas.es ou fegas@sergas.es



programa **divulga**

experiencias e boas prácticas no sector sanitario



programa divulgga

experiencias e boas prácticas no sector sanitario

programa



XUNTA
DE GALICIA